



**124.2023. CONVOCATORIA PRAZA AUXILIAR ADMINISTRATIVO-A.
RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

DON LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBER

DECRETO.- No uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

Conforme as Bases da convocatoria para a provisión de unha praza de auxiliar administrativo, aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 08/03/2023 e publicadas no BOP da provincia de Lugo número 60 de data de 14 de marzo de 2023 (incluída no programa de reforzo do emprego da deputación provincial de Lugo, Plan Provincial Único 2023.), contratación anticipada.

Logo de ver a acta de data de 09/06/2023 do tribunal selectivo para unha praza de auxiliar administrativo, correspondente ao primeiro exercicio

Acordo:

Primeiro: Fixar a data, hora e lugar de celebración do segundo exercicio para cubrir unha praza de auxiliar administrativo-a para a atención das oficinas municipais do concello, para a data, hora e lugar que a continuación se relacionan:

Data: Mercores 14 de xuño de 2023.

Hora: 09:30 horas. Segundo exercicio.

Lugar: Salón de Plenos do concello de Sober, 27460 Sober Lugo.

Segundo: Convocar aos membros do tribunal para a data, hora e lugar anteriormente citados.

Terceiro: Convocar aos candidatos-as que superaron o primeiro exercicio para á realización do de segundo exercicio na data, hora e lugar sinalados anteriormente, debendo de ir acompañados do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto; Publicar esta Resolución no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sober (www.concellodesober.com).

Quinto: Dar conta desta Resolución na seguinte sesión ordinaria do Pleno que se celebre.

Así o mánda e asina o Sr. Alcalde, D. Luis Fernández Guitián; en Sober, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Luis Fernández Guitián

Ante min, A Secretaria interventora

Elena González López

